

O CINISMO: CORREOS SIMULA INTERESE POLA NOSA SAÚDE... MENTRES AS XEFATURAS POÑEN PROBLEMAS E IMPEDIMENTOS ATA PARA ACUDIR A CITAS MÉDICAS.

É de sentido común e de ter a mínima empatía humana: O dereito á saúde está moi por encima do noso contrato laboral. Non debera haber problemas en saír momentaneamente do traballo por esta causa mais que xustificada.

Llama al número gratuito 900 73 20 07  
+ El Área Salud Mental te ayudará  
+ Este servicio es totalmente **anónimo y confidencial**



### POR FIN PODEMOS LER O FAMOSO ACORDO QUE VAI “SALVAR” CORREOS RESUMEN: FUME E NINGÚN COMPROMISO CONCRETO.

Agora entendemos a teima de non deixar ler o documento, asinado o 22 de xullo por algúns sindicatos amarelos ás costas do resto. O documento de 5 páxinas escasas non vai mais alá de promesas vagas, abstraccións “se procurará”, “se estudiará”, sen nengún acordo concreto.

Por exemplo, vendéronnos que o goberno comprometía unhas cantidades, pero no documento non fala nin unha palabra nin de 3000 millóns nin de 4000 millóns nin de 40. **Absolutamente nada.** Nin un euros comprometido.

Sobre o propio texto case ningunha novidade. Continúa a obsesión pola paquetería como actividade principal e sobre o SPU algo tan vago como “impulsar los cambios legales y establecer las condiciones necesarias (?) para que Correos siga siendo el operador designado.” O compromisos concretos.

Está bastante claro que estes sindicatos o único que pretenden é crear un clima de aceptación con cantos de serea para poder xustificar logo unha volta de torca e un empeoramento das condicións laborais. Todo sexa pola “flexibilidade e pola paquetería”.

Dende a CGT fáltannos compromisos claros, investimentos concretos con datas e cifras. A potenciación do servizo público, a recuperación dun banco postal público, a mellora dos servizos de notificación e outros relacionados con administración seguen a ser para nos as liñas fundamentais da garantía de que o persoal postal siga estando ao servizo da cidadanía e non das empresas.

**SACA AS TÚAS PROPIAS CONCLUSIÓN. AQUÍ PODES LER O DOCUMENTO E VALORALO POR TI MESMA**



# O Buzón Rebelde

**CGT Correos Coruña.**

OUTONO 2024

Contacta con nós: 674070105  
[cgtcorreosacorunha@gmail.com](mailto:cgtcorreosacorunha@gmail.com)

**COLABORA CON CGT VALENCIA NA RECOLLIDA DE FONDOS PARA AS PERSOAS AFECTADAS POLA DANA**

**SOLIDARITAT I SUPORT MUTU**  
**AMB LES AFECTADES PER LA DANA**  
CAIXA DE RESISTÈNCIA PER A COBRIR LES DESTROSSSES  
CONCEPTO: SOLIDARIDADVALENCIA  
**ES7831590018112755192826**  
CGT ENTRE TOTES TOT



**UN NOVO DOCUMENTO ASINADO POLOS SINDICATOS AMARELOS CHEO DE FUME, VAGUEDADES E PALABRAS BALEIRAS.**

**FARTAS DE PROPAGANDA  
QUEREMOS COMPROMISOS CLAROS, CONCRETOS E PRECISOS.**

**NOVO CONVENIO XA!  
É O MOMENTO DE AVANZAR EN DEREITOS E AMAÑAR TODOS OS DEFECTOS DO CONVENIO ACTUAL**

**CONSULTA AQUÍ A NOSA TÁBOA REIVINDICATIVA!**



**PROPUESTAS PARA UN NUEVO CONVENIO COLECTIVO Y ACUERDO GENERAL 2024**  
CGT  
ES EL MOMENTO DE AMPLIAR NUESTROS DERECHOS!



**VOLVEN AS AMEAZAS NALGUNHAS UNIDADES DE ANULACIÓN SISTEMÁTICA DE PERMISOS COMO ACTUAR ANTE UNHA DENEGACIÓN DE ASUNTOS PROPIOS**

**AMAZON AVANZA NA SÚA AUTONOMÍA E ABRE NAVE EN CAMBRE CON CAPACIDADE PARA 65000 PAQUETES DÍA**



Escanea este código QR para participar no noso foro de whatsapp da CGT Correos da Coruña e estar ao dia das últimas novidades.

QR code for WhatsApp forum  
Únete ao foro!



QR code for Telegram channel  
@CGTCORREOS

Se prefieres Telegram aquí tes a nosa lista de difusión estatal de CGT Correos:






## AMAZON ABRE A NAVE DE CAMBRE CON CAPACIDADE DE 65000 PAQUETES AO DÍA, PERO CORREOS SEGUE PRIORIZANDO OS PRODUCTOS DA MULTINACIONAL AO CORREO PÚBLICO

Amazon da un paso máis na súa total autonomía. A instalación levaba xa dous anos preparada para abrir, pero non foi ata este mes que a apertura se produciu.

Á vez que se a multinacional se expande mántense a obsesión da dirección en tratar a esta empresa de xeito prioritario, sacrificando se fai falta o servizo postal público e as notificacións administrativas.

### O COLMO DO ABSURDO: VOLVE O “DEIXA TODO E LEVA AMAZON”?

Nalgunhas unidades da Coruña, por exemplo, dende fai unas semanas o persoal ten instrucción de “cortar” o reparto ás 13:00 para voltar á unidade por se hai algún paquete urxente para repartir. Deixando cartas, notificacións e o que faga falta para “satisfacer” as necesidades de compañías privadas como AMAZON. Absurdo. Así, NON.



## VOLVEN AS AMEAZAS SOBRE ANULACIÓN DE APS E OUTROS PERMISOS, COMO DEBEMOS ACTUAR? LEMBREMOS:

- Non deben “xustificarse”, son un dereito noso.
- É Correos quen ten que xustificar a anulación.
- Correos UNICAMENTE pode anularnos un AP solicitado SE PODE DEMOSTRAR CON PROBAS POR ESCRITO QUE ESE DÍA CONCRETO TEN UNHA NECESIDADE EXTRAORDINDARIA DO SERVIZO. Non vale unha xustificación xenérica como “hai moitos paquetes”, non vale “os luns hai moito traballo”, nin vale “é que non hai contratación”. A necesidade ten que ser xustificada cada vez por un feito extraordinario, non pola organización normal do servizo.
- No momento de escribir este texto a campaña de nadal AÍND A NON COMEZOU, e aínda dentro da campaña Correos debe XUSTIFICAR AS NECESIDADES CONCRETAS DE CADA DENEGACIÓN POR ESCRITO.
- Sorteos? Non debemos caer en sorteos. Os sorteos son unha trampa onde é Correos artificialmente, sen negociar con ninguén nin explicar nada, decide “cantas” persoas se poden ir á vez nunha unidade.



Solicitemos os días por escrito e non nos conformemos

### ORGANIZÁMONOS PARA RECADAR FONDOS PARA AS PERSOAS AFECTADAS POLA DANA

Concepto: “SolidaridadValencia”.  
Banco: Caixa Popular Titular: CGTPV  
Número de conta: ES7831590018112755192826



## CONVENIO COLECTIVO: É MOMENTO DE AVANZAR EN DEREITOS!

O novo convenio non só debe mellorar as nosas condicións salariais, é fundamental que tamén recolla e amaíe todas as eivas do actual. Aplicación en Correos do EBEP e do resto dos dereitos do persoal público, incluíndo a mobilidade interministerial, eliminación dos descontos por estar de baixa, fin do abuso do termo “necesidades do servizo”, adscripción clara a posto, seccións e funcións claras, permisos para acudir a consultas médicas, actualización dos permisos por conciliación, mellora dos concursos de traslados e reaxustes, prexubilacións, som algúns dos exemplos de temas que DEBEN ser incluídos nos seguintes acordos aos que se cheguen.



CONSULTA AQUÍ A TÁBOA COMPLETA



### XORNADA

- Xornada de 35 horas semanais de luns a venres co mesmo salario e de 30 horas na nocturna.
- Eliminación da xornada parcial, ampliando estas ata chegar á completa.

### DEREITOS

- Equiparación en dereitos de todo o persoal ao Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)
- Bolsa de horas para médico/a propio como para acompañamento de familiares de ate segundo grao.
- Concurso de traslados transparente, anual e reaxustes con todas as vacantes.

### SEGURIDADE NO EMPREGO

- Bolsas de emprego transparentes, públicas, por antigüidade e eliminación das avaliacións negativas.
- Publicación, consulta e acceso por parte de todo o persoal das bolsas.
- Non ao despedimento libre: en caso de improcedencia elección de reincorporación por parte do/a traballador/a.
- Cobertura da quenda de tarde con persoal indefinido e a xornada completa.
- Relación de Postos de Traballo -RPT- con funcións claras e adscripción ao posto, localidade, unidade, quenda e sección.
- Homologación co resto da administración pública, mobilidade interministerial e tamén entre outras administración.

### SAÚDE

- Catálogo de enfermidades profesionais propio de Correos.
- Despenalización das baixas e dos tramos. 100% do salario en caso de baixa.
- Readaptación obrigatoria do persoal con limitacións psicofísicas sen posibilidade de despedimento.

### SALARIO

- Recuperación do poder adquisitivo perdido con suba dun 15% lineal para recuperar o perdido nestes anos.
- Cláusula salarial vinculada ao IPC
- 100% en caso de baixa común.
- Equiparación salarial laborais/funcionarios. Recuperación do 5% para persoal funcionario e suba de nivel.
- Fondo de quebranto para persoal de atención ao cliente e reparto.
- Rurais: Aportación voluntaria do vehículo e incremento do suplido por combustible e mantemento ata os 30 céntimos.
- Recuperación do plan de pensións de empresa.
- Pago de pluses en vacacións.
- Suba especial do salario para ACR2 e Reparto2.

ADEMAIS DENDE CGT ESIXIMOS QUE O CONVENIO SEXA REFRENDADO POR TODO O PERSOAL QUE O POIDA LER E VOTAR NO POSTO DE TRABALLO ANTES DE ASINALO.

